

Nº orde	Apelidos e nome	DNI
60	Rego Martínez, Francisco José	32392798-N
61	Ricarte Mateu, Julio	24336768-P
62	Rodríguez Canas, Emilio	36047267-B
63	Rodríguez Vázquez, Luis Anxo	34938604-V
64	Rúa Santervas, Patricia Margarita	36100645-Y
65	Sáez Díaz, Miguel Francisco Javier	34907453-P
66	Salgado de Andrea, Isabel	05266624-C
67	Sandez Álvarez, Rosario	76724401-N
68	Sebio Puñal, Xosé Lois	36148469-J
69	Serantes Serantes, Isidoro	35438810-L
70	Sineiro Fontenla, María	35320214-B
71	Suárez Vicente, Ángel	35554969-P
72	Suárez Vicente, María Victoria	35552423-N
73	Vázquez Abal, Juan Carlos	35451385-J
74	Vázquez Freire, Manuel Francisco	33263037-T
75	Vidal Canto, José Emilio	21621094-J
76	Vilanova de la Torre, Mar	35443135-C
77	Vilariño Páxaro, Fernando	33250990-M

2º Persoas habilitadas para o exercicio da profesión de técnico especialista en vitivinicultura.

Nº orde	Apelidos e nome	DNI
1	Legaspi Pedreira, Antonio	33858632-X
2	Núñez Díaz, Victorino	34924619-Q
3	Paz Parracho, Jesús	35443147-D
4	Sobrado Conde, Ramón	34927106-Z

3º Persoas habilitadas para o exercicio da profesión de técnico en elaboración de viños.

Nº orde	Apelidos e nome	DNI
1	González Rivas, Aparicio	76898741-N
2	Portele Álvarez, Xoán Manuel	35556282-F
3	Sobriño Dorado, Juan	35557868-Y

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 22 de abril de 2008 pola que se fixa o prazo para presentación de solicitudes para a concesión de axudas á modernización dos buques pesqueiros para o exercicio 2008 e se determina o seu importe global máximo.

Aínda que o programa operativo do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) rematou no ano 2006, a data límite de subvencionabilidade dos gastos financiados con estes fondos abrangue ata o 31 de decembro de 2008, o que permite a asunción de novos compromisos de gasto no ano 2008 sempre que o pagamento final se realice con anterioridade a aquela data.

A existencia de remanentes nesta medida no exercicio actual, permite unha nova convocatoria con que se pretende optimizar estes fondos, sempre que isto sexa posible tendo en conta a escasa marxe de tempo para a execución dos investimentos correspondentes. O propio carácter do remanente dos fondos non permite a asunción dun compromiso plurianual, polo que, en calquera caso, os investimentos que poidan ser suxeitos de axuda deberán estar rematados e xustificadas antes do 1 de novembro de 2008.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Convocatoria de axudas.*

Convócanse axudas ao abeiro da Orde do 14 de xullo de 2000 pola que se establecen as bases e con-

dicións e se regula o procedemento de concesión de axudas á renovación da frota e modernización dos buques pesqueiros (DOG nº 149, do 2 de agosto), modificada polas ordes do 1 de xullo de 2002, do 4 de abril de 2005 e do 8 de xuño de 2007.

Artigo 2º.-*Crédito orzamentario.*

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación 14.03.723A.770.3 e 14.03.723A.770.5 código de proxecto 2002 12829 en que existe crédito adecuado e suficiente ata un importe máximo de 987.849,15 euros; que queda reservado para os efectos desta orde.

Este importe poderá ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

As solicitudes presentadas que sexan seleccionadas e reúnan todos os requisitos serán resoltas de acordo coas disponibilidades orzamentarias existentes.

Artigo 3º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-*Prazo de xustificación dos investimentos.*

Con carácter xeral e agás que a resolución individual da axuda dispoña o contrario, a xustificación do remate dos investimentos e o pagamento dos conceptos correspondentes a eles deberá realizarse antes do 1 de novembro do 2008.

Disposicións adicionais

Primeira.-De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto no Regulamento (CE) nº 2792/1999, do Consello, do 17 de decembro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu regulamento e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con

suxeición a esta orde, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización

para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2008.

María Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS

ANEXO IV

UNIÓN
EUROPEA



INSTRUMENTO FINANCIERO DE
ORIENTACIÓN DA PESCA

PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A MODERNIZACIÓN DA FROTA PESQUEIRA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE107A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX	

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

Nome do barco	Matrícula e folio
Autorización para a modernización, se é o caso, de data:	
Asociación ou organización pesqueira, se é o caso:	

AUTORIZO AO ÓRGANO XESTOR

- A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao DÍAno cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.
 - A facer públicos nos rexistros da Lei 9/2007, do 13.06, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso.
 - A publicar, en virtude do artigo 13 punto 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega na páxina web da consellería, o feito de ser beneficiario dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícito a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.
- DECLARO: non estar incurso en ninguna das causas de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13.06, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Regulamento (CE) nº 2792/1999, do 17 de decembro. - Orde do 22 de abril de 2008 pola que se fixa o prazo para presentación de solicitudes para a concesión de axudas á modernización dos buques pesqueiros para o exercicio 2008 e se determina o seu importe global máximo.
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
Lugar e data
de
de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	_____
	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____
REVISADO E CONFORME	